


galicia

O Fondo Social Europeo é o principal instrumento que, dentro dos fondos estruturais e de investimento europeos (EIE), fomenta o emprego e a inclusión social, garantindo ao mesmo tempo a igualdade de xénero, a non discriminación e a igualdade de oportunidades, contribuindo desta forma a que as empresas e a poboación activa de Europa estean mellor preparadas para afrontar os novos desafíos, constituíndo unha ferramenta decisiva para facer realidade un crecemento intelixente, sostible e inclusivo.



emega

está cofinanciado polo Fondo Social Europeo
a través do programa operativo
FSE Galicia 2014-2020

O Fondo Social Europeo inviste no teu futuro.



FAUSTO DISEÑO ASOCIADOS 2017 | Depósito legal C 329-2017

emega
liñas de axuda
para mulleres
empreendedoras
e empresarias

máis información en:

igualdade@xunta.gal
<http://igualdade.xunta.gal/>

Teléfonos:
981 957 691
981 545 351

- emprende
- innova
- activa
- concilia
- itef
- dual



emega
liñas de axuda
para mulleres emprendedoras
e empresarias

XUNTA DE GALICIA

As medidas de fomento ás iniciativas empresarias promovidas por mulleres e baseadas en fórmulas de promoción do autoemprego constitúen actuacións eficaces para a xeración e mantemento de emprego, movilización de recursos e corrección de desequilibrios rexionais que repercuten na redución da taxa de paro feminino. Son, polo tanto, medidas que no contexto económico actual cobran especial relevancia.

A Secretaría Xeral da Igualdade promove o programa **emeaga** que ten como obxectivo fomentar o emprendemento feminino para que as mulleres emprendedoras se integren no sector produtivo galego poñendo en marcha, mellorando e consolidando as súas iniciativas empresariais.

O programa **emeaga** está dirixido a:

Emprendedoras e empresarias que crean emprego femenino por conta propia e/ou allea.

Empresas constituídas por mulleres baixo calquera forma societaria.

emeaga constitúe ademais unha medida integral de **promoción da igualdade** no eido laboral, complementando accións de apoio directo á actividade empresarial con accións que favorecen a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Os requisitos e condicións para acceder a estas axudas establecense na correspondente convocatoria que anualmente efectúa a Secretaría Xeral da Igualdade a través do Diario Oficial de Galicia.

innova

Axudas económicas para promover a realización de **iniciativas de mellora innovadoras** nas empresas xa creadas, lideradas por mulleres, e que comporta a creación de emprego femenino estable e de calidade e a mellora da competitividade.

activa

Axudas económicas para favorecer a reactivación e consolidación de empresas lideradas por mulleres por medio de aplicación de medidas de reformulación para a renovación, relanzamento, aplicación ou cambio de localización da actividade coa que acadar o equilibrio empresarial para o seu mantemento e promoción no contexto económico actual.



emprende

Axudas económicas para estimular a **posta en marcha de iniciativas empresariais** e creación de emprego femenino por conta propia e allea.



dual

Dual é unha axuda complementaria das liñas Emprende, Innova, Activa e ITEF para apoiar a participación das promotoras no programa de tutorización organizado pola Secretaría Xeral da Igualdade, co obxecto de facilitar a implantación e consolidación dos proxectos empresariais subvencionados.



+concilia

Liña establecida en atención á maternidade das promotoras e/ou da organización do proceso de traballo na empresa (acordos, convenios e/ou contratos de teletraballo) e dirixido a aquelas empresas que acceden a calquera das liñas anteriores.



itef

É una liña de axudas económicas mediante incentivos para impulsar a implantación de iniciativas empresariais de carácter innovador, con contido científico ou con base tecnolóxica, promovidas por mulleres e que supoñan a creación de emprego femenino estable por conta propia e allea.

A actividade, proceso, produto ou servizo que vaian desenvolver debe ter un claro carácter innovador, con alto contido científico ou tecnolóxico, ter como obxectivo principal a aplicación de desenvolvimentos tecnolóxicos no ámbito produtivo, de novo coñecemento aplicado, de resultados do avance científico e de I+D+i, ou nos cales a presenza de elementos intanxibles xeradores de valor sexa especialmente importante.

